

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais das persoas aspirantes definitivamente admitidas nos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación e ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de mestres e ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, e procedemento de adquisición de novas especialidades por parte do persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento ED001A) (DOG n.º 32, do 14 de febreiro)*

Logo de aprobar e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas mediante Resolución do 10 de maio de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e, unha vez nomeados os tribunais que vulgarán o proceso selectivo mediante a Resolución do 21 de maio de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e feita pública a súa composición no Diario Oficial de Galicia (DOG n.º 104, do 30 de maio), tendo en conta que nalgunhas especialidades foi nomeado máis dun tribunal, procede distribuír as persoas aspirantes que corresponde vulgar a cada tribunal, polo cal esta esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Aprobar e facer pública, como anexo I, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/>, a asignación, aos tribunais que vulgarán os procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestres, das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos no apartado quinto da base primeira da citada orde de convocatoria.

Segundo.-Aprobar e facer pública, como anexo II, no enderezo <http://www.edu.xunta.gal/>, a asignación, aos tribunais que vulgarán os procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, das persoas aspirantes definitivamente admitidas, segundo os criterios de distribución establecidos no apartado quinto da base primeira da citada orde de convocatoria.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

